



## / O que fixemos... /

### Comida inicio de curso 2015/2016.

Como cada ano por estas datas non podía faltar a comida con motivo do inicio de curso.

Esta celebrouse o pasado 24 de Outubro, e a ela asistiron todos os [tanxedoira@s](mailto:tanxedoira@s) que puideron, aportando deliciosos manxares que degustamos de moi bo agrado.

Foi unha boa xuntanza na que falamos, comemos, rimos, comemos, cantamos, comemos, bailamos e vimos un partido de fútbol, eso os homes claro. Pero como podedes observar o que máis fixemos foi comer... En definitiva, deron as tantas e os [tanxedoira@s](mailto:tanxedoira@s) sentíndose como na casa tardaron en deixar a festa, non sin antes dar aviso da seguinte quedada "Samaín", neste caso merenda.



Todo transcurriu en armonía e con moita familiaridade, cousa que me agradou, xa que eu era a primeira vez que acudía.

Síntome afortunada de pertencer a esta asociación e espero con ansia a próxima xuntanza. Non faltedes 📍

*María Castro*

### Nova actividade: Bailes latinos.

No presente ano, a Directiva de Tanxedoira impulsou a implantación dunha nova actividade formativa, que vén a engrosar a diversidade de cursos que, de forma habitual, son impartidos aos seus socios, e esa actividade non é outra que Bailes Latinos.

As clases son impartidas por Danay, unha profesora que soubo chegar aos noveles danzarines e que, chea de paciencia, amabilidade e simpatía, fixo posible unha importante implicación do alumnado que, ademais de aprender a dar pasos, mover as cadeiras e outras artes escénicas, súa a camiseta con gran xenerosidade, e que a algúns ata lles vén ben.



A expectativa do grupo está posta no Festival de Nadal que Tanxedoira celebra todos os anos, no cal participan alumnos de diversas materias así como compoñentes de grupos artísticos, e será o mellor momento para que os novos “artistas” dean a coñecer as habilidades adquiridas 🎵

*José Luis Ponte.*

## Cea Tanxedoira 6/11/15.

O pasado venres día 6, membros dos grupos de teatro, rondalla e coro, xuntámonos para compartir unha animada cea.

Despois dos ensaios do coro e a rondalla preparamos as mesas para compartir, un pouco máis de tempo cos compañeir@s, prolongando ata a medianoite.

Entre risas e xogos dos nenos, pasamos un rato agradable, aínda que eso sí, sen demasiada animación musical ou baile para non perturbar o descanso dos veciños e evitar queixas.

Gustaríame destacar, neste ano que levamos en Tanxedoira pola nosa parte, o gran ambiente que se respira nestas xuntanzas e nas actividades en xeral.

Preparados para a seguinte 🎵

*Roberto López.*

## / A destacar.../

### Axenda

12 de decembro:

**CORO E RONDALLA.**- Actuación na igrexa parroquial de Santa María de Oza. 20:00 horas. Rúa/ Camino de la Iglesia 31.

13 de decembro:

**CORO E RONDALLA.**- Actuación a beneficio de Cáritas. 18:00 horas. Igrexa parroquial de San Luis Gonzaga. Rúa/ San Rosendo nº 11.

19 de decembro:

**FESTIVAL DO NADAL.**- Centro Cívico de Mesoiro. 17:30 horas.



20 de decembro:

**CHOCOLATADA.**- Terá lugar na sede da Asociación Tanxedoira. 19:00 horas. Prezo: 2 €/per. Inscripción: lista de asistencia no local ou a través do Telegram

22 de decembro:

**CORO E RONDALLA** – Actuación na Residencia de anciáns ADCOR. 18:00h

4 de xaneiro:

**CORO E RONDALLA** – Actuación na Residencia de anciáns de Oleiros. 11:00h

## / Non perdas.../

### Concurso Postais Navideñas.

O 16 de novembro comeza a nova edición. Podedes presentar as vosas obras ata o 14 de decembro. As bases tédelas dispoñibles na web e no blogue.

### Lotaría de Nadal.

Este ano o número é o 88489, e podedes mercalo en:

1) Tanxedoira: venres de 20 a 22 horas.

2) Administración de Lotaría do Carrefour de Alfonso Molina.